



Resolución de 1 de decembro de 2016 relativa á convocatoria da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 11 de abril de 2016, no contexto do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares (*Lectura, Información e Aprendizaxe*), do III CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS baixo a coordinación (ou coa participación) da biblioteca escolar, en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o curso 2015/2016.

Con data 11 de abril de 2016, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo pública a convocatoria, por terceiro ano consecutivo, dun concurso para o impulso e recoñecemento de traballos por proxectos baixo a coordinación (ou coa participación) da biblioteca escolar, e no que poderían participar centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para o curso 2015/2016.

Tratábase así de estimular, mediante o recoñecemento de boas experiencias, o deseño e desenvolvemento de proxectos de carácter interdisciplinario ou de proxectos de investigación, baixo a coordinación do equipo de biblioteca escolar ou co apoio desta, na liña da metodoloxía de aprendizaxe baseada en proxectos (ou ABP), realizados en centros non universitarios durante o presente curso 2015/2016.

Reunido o xurado para a valoración dos traballos presentados, previsto no apartado cuarto da devandita convocatoria, de acordo coa proposta formulada por este xurado e de conformidade cos apartados primeiro, segundo, quinto e sexto do texto de referencia,

RESOLVO:

Primeiro.- Facer pública a relación de centros que resultan galardoados no III Concurso de Traballos por Proxectos, trala selección do xurado na súa reunión do día 14 de novembro de 2016. O xurado declara deserto varios premios previstos nas modalidades 2.b-temática xenérica, 2.b-temática científica e 2.c-temática xenérica; así mesmo declárase deserto o premio correspondente á modalidade 2.c-temática científica por mor da ausencia de traballos neste apartado. Tal, tal e como se contempla no apartado 6 da convocatoria, acórdase a ampliación dos traballos seleccionados na modalidade 1 e na modalidade (tres premios máis) e na modalidade 2.a (un premio máis), coa redistribución orzamentaria correspondente.

Segundo.- Conceder os premios aos centros que se relacionan no Anexo I, polos traballos que se especifican.

Terceiro.- Asignar as contías que se sinalan no anexo I aos centros relacionados, que **deberán destinarse á atención das necesidades da biblioteca escolar, especialmente no ámbito da información.**

Cuarto.- Desde esta dirección xeral facilitarase un impreso para a xustificación correspondente.



Quinto.- Tal e como se recolle no apartado oitavo da convocatoria de 11 de abril, os proxectos son propiedade dos seus autores pero estes, desde o momento que participan no concurso, recoñecen á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria o dereito de reprodución, publicación, difusión, distribución e comunicación (en calquera soporte e formato) dos proxectos premiados para a súa consulta e descarga en liña do seu contido en calquera dos medios dispoñibles (nomeadamente na páxina web de Bibliotecas Escolares de Galicia), e en calquera das formas, medios e modalidades que a tecnoloxía permita. Así mesmo, poderán ser difundidos a través das actividades e dos medios da Rede de formación permanente do profesorado. Os centros poderán publicar estes traballos nos seus espazos web indicando, no seu caso, que foron obxecto de recoñecemento por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través deste concurso.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2016

José Manuel Pinal Rodríguez
Director Xeral de Centros e Recursos Humanos



ANEXO I

Modalidade	Temática	Centros	Concello	Provincia	Título	Asign. €
1. Proxectos Documentais integrados, coordinados desde a biblioteca escolar	Xenérica	CEIP P. Pepe de Xan Baña	Santa Comba	A Coruña	<i>25 anos de Pepe de Xan Baña</i>	2.000
		CEIP de Cervo	Cervo	Lugo	<i>3,2,1, Acción! Un colexio de película</i>	2.000
		CEIP do Xurés	Lobios	Ourense	<i>Coñecemos Lobios</i>	2.000
		CEIP P. de Meaño-As Covas	Meaño	Pontevedra	<i>Aquí todos pintamos moito</i>	2.000
		CEIP Valle Inclán	O Grove	Pontevedra	<i>Vivir tocando o mar</i>	2.000
		IES Castro Aobre	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	<i>As bibliolimpiadas</i>	2.000
	Científica	CEIP Canosa-Rus	Coristanco	A Coruña	<i>DinosauRus</i>	2.000
		CEIP Lamas de Abade	Santiago de Compostela	A Coruña	<i>Cinturón verde</i>	2.000
		CEIP P. A Pedra	Bueu	Pontevedra	<i>Un universo de libros</i>	2.000
		CEIP O Piñeirño	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra	<i>Experiencia</i>	2.000
2.a. Proxectos de investigación de grupo/nivel	Xenérica	CEIP Serra de Outes	Outes	A Coruña	<i>Coñecendo Outes</i>	1.500
		CEIP Feliciano Barrera	Ponteareas	Pontevedra	<i>A Prehistoria</i>	1.500
	Científica	CEIP Manuel Rodríguez Sinde	A Guarda	Pontevedra	<i>Espirais no Universo</i>	1.500
		IES Mestre Landín	Marín	Pontevedra	<i>Descubriendo a PHI</i>	1.500
		CEIP Quintela	Moaña	Pontevedra	<i>As bolboretas</i>	1.500
2.b. Proxectos de investigación de ciclo/departamento	Xenérica	CEIP Milladoiro	Malpica de Bergantiños	A Coruña	<i>Da cociña á mesa</i>	1.500
		<i>Deserto</i>				
	Científica	<i>Deserto</i>				
<i>Deserto</i>						
2.c. Proxectos realizados na materia de 1º /2º de ESO "Investigación e tratamento da información" ou noutras materiais equivalentes en ESO ou primaria	Xenérica	IES Xoán Montes	Lugo	Lugo	<i>Prender a Luz</i>	1.500
		<i>Deserto</i>				
	Científica	<i>Non se presentaron traballos</i>				